

Corenta anos mergullándose na lingua galega

O ILG celebra o seu aniversario na súa sede, que foi fogar de Rosalía de Castro

TAMARA MONTERO
SANTIAGO / LA VOZ

Corría o ano 1970 cando Constantino García, catedrático de Filoloxía Románica, uniu folgos para sacar adiante un proxecto que, corenta anos despois, lidera a investigación da lingua galega. Foi o 14 de maio de 1971 cando se presentou, baixo a atenta mirada do reitor da Universidade de Santiago, o *Gallego 1*, o primeiro método para aprender galego. Nació oficialmente o Instituto da Lingua Galega.

Foi un grupo formado por Antón Santamarina, Xosé Luís Couceiro, Guillermo Rojo, Carme Ríos, Inés Leis e Luísa Fernanda Pensado, todos coman-

dados por Constantino García, os que deron o primeiro pulo ao instituto, que ata hoxe en día ten feito grandes achegas ao estudo da lingua, como a cartografía dos apelidos de Galicia, o Arquivo do Galego Oral do Atlas Lingüístico Galego, os tesouros informatizados da lingua galega ou o inventario toponímico da Galicia medieval, e ferramentas como o vocabulario ortográfico da lingua galega (coñecido como VolG), o dicionario de dicionarios da lingua galega e o curso interactivo é-galego.

Dirixidos por Rosario Álvarez e con Xulio Sousa como secretario, o ILG está formado actualmente por unha trintena de investigadores, que ademais



A placa lembra que Rosalía de Castro e Manuel Murguía viviron na actual sede do ILG. **XOÁN A. SOLER**

contan coa colaboración de expertos doutras universidades, centros educativos e medios de comunicación.

Placa conmemorativa

Onte, e de novo en presenza do reitor, o instituto conmemorou oficialmente os seus corenta anos de existencia. O acto co-

mezou co descubrimento dunha placa na sede do instituto —sito na praza de Mazarelos, na mesma casa onde viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía nos anos posteriores á publicación de *Cantares Gallegos*, o fito que marcou o rexurdimento da lingua galega tras os Séculos Escuros— o máis antigo destas ca-

acterísticas do sistema universitario galego.

A celebración, posteriormente, trasladouse ao Paraninfo da Universidade, na Facultade de Xeografía e Historia, onde estaba prevista a celebración dun acto académico en memoria da fundación do centro con presenza das autoridades civís.

Abre el plazo para la escuela de verano de inglés en el Rosalía

SANTIAGO / LA VOZ

La concejalía de Educación abrió ayer el plazo de inscripción en la escuela de verano de inglés que se celebra en el instituto Rosalía de Castro y que organiza el Concello. La iniciativa, de gran éxito en ediciones anteriores, ofrece 200 plazas, aunque podría llegarse a las 250 si hubiese más de-

manda. La escuela ofrece talleres y actividades diversas en la ciudad en inglés, con profesores nativos, y funcionará por la mañana del 1 al 29 de julio. El precio para todo el mes será de 160 euros, y de 100 para una quincena, aunque habrá descuentos para familias numerosas y para hermanos de inscritos.



LA ASOCIACIÓN CULTURAL NAIS DO PAXONAL

Carteles contra Proxecto Home

Los vecinos del Paxonal, que se oponen a la construcción de la sede del Proxecto Home en una finca próxima al Cottlelo, colgaron carteles en el barrio para reclamar la paralización de la iniciativa. La Asociación Cultural Nais do Paxonal solicitó permiso para una concentración, que les fue denegado. **FOTO XOÁN A. SOLER.**

fernando | el aliento 12 | santiago
911 541251 | www.espagal.com
#espagal

Te ayudamos a ser más feliz con ECS

Plan Integral de Adelgazamiento ECS
Llega el verano, ¿list@?

En 8 semanas, juntos, conseguiremos resultados. Analizamos tu composición corporal y peso ideal para trabajar sobre un plan de ejercicio personalizado y pautas de alimentación saludable, sin dietas milagro.